



Guía Docente				
Datos Identificativos			2014/15	
Asignatura (*)	Organización e avaliación de institucións educativas		Código	652G02011
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Espido Bello, Xosefa Eva	Correo electrónico	eva.espido.bello@udc.es	
Profesorado	Espido Bello, Xosefa Eva	Correo electrónico	eva.espido.bello@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia “Organización e Avaliación de Institucións Educativas” ten carácter de formación básica e impártese no 1º cuatrimestre do segundo curso do Grao en Educación Primaria. Esta materia busca desenvolver no estudantado capacidades de descrición, análise, interpretación e valoración do funcionamento dos centros escolares. Pártese de que os centros son institucións complexas, reguladas por normas comúns, pero tamén dotados de características singulares que fan que se constitúan en espazos privilexiados para o desenvolvemento profesional, a práctica da democracia e o cambio educativo. Para iso é necesario deseñar, desenvolver e avaliar proxectos de centro acordes con esa singularidade que contribúan á progresiva autonomía institucional. Esta materia garda relación con “Teoría da Educación”, “Socioloxía da Educación”, “Historia da Educación”, Atención á Diversidade: Aspectos Didácticos e Organizativos”, “Educación Inclusiva e Multicultural” e, especialmente, coa materia de “Deseño, Desenvolvemento e Avaliación do Currículo” de 1º curso, dado que as dimensións pedagóxica e organizativa non poden entenderse de forma independente a unha da outra.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.
A12	Abordar e resolver problemas de disciplina.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A18	Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade.
A19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B12	Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a organización dos colexios nos que se imparte educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento.	A9 A19	B3 B16	C4 C7 C8
Analizar, contrastar e sintetizar información para coñecer as características e dimensións da escola como organización complexa	A7 A19	B2 B12 B16	C4 C7 C8
Analizar, interpretar e valorar información sobre diferentes procesos organizativos que teñen lugar nos centros escolares (planificación, traballo en grupo, coordinación, participación, comunicación, toma de decisións, liderazgo, avaliación...).	A9 A18 A19	B3 B7 B12 B16	C8
Coñecer e usar estratexias de resolución de problemas e conflitos que xurden nas organizacións educativas	A12 A19	B2 B3 B5 B6 B7 B16	C4
Desenvolver capacidades de argumentación, debate e colaboración para comprender o funcionamento organizativo das institucións educativas, valorando e respectando diferentes aportacións.	A9 A12	B2 B3 B5 B6 B7 B16	C4 C6
Manexar diferentes fontes bibliográficas, lexislativas e documentais para enfrontarse á asignatura cunha actitude de indagación e contraste constante co fin de entender as variables que inciden na organización de institucións educativas.	A9 A17 A19	B3 B6 B11 B12 B16	C4 C6 C7 C8

Contidos

Temas	Subtemas
A escola como organización: dimensións, funcións e características.	O centro como organización para o desenvolvemento do curriculum e do ensino. Dimensións constitutivas da organización escolar. Funcións da escola. Trazos característicos dos centros escolares. Enfoques para a comprensión das organizacións.
Políticas educativas e reformas escolares no sistema educativo español.	Incidencia das políticas educativas e das reformas escolares na organización e avaliación da educación primaria.
Contexto, estrutura e cultura organizativa	O contexto organizativo: entre o local e o global. Estruturas organizativas de goberno, xestión, participación e coordinación. A organización do alumnado: admisión, agrupamentos e promoción. A organización da actividade escolar: contidos, estratexias pedagóxicas, espazos, tempos e recursos didácticos. Cultura organizativa e desenvolvemento profesional e organizacional.



Planificación e avaliación para o cambio e a mellora nas organizacións escolares	Proxecto educativo, autonomía dos centros escolares e innovación. Estratexias de avaliación de centros: avaliación externa, avaliación interna e estratexias combinadas.
A constitución da escola como institución democrática: poder e participación da comunidade	Escolas democráticas e diversidade. A participación como exercicio de cidadanía. Dificultades do proxecto participativo na escola. As relacións nas organizacións educativas: conexión e colaboración entre os diferentes actores da comunidade educativa.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	31	52
Discusión dirixida	7	14	21
Traballos tutelados	12	46	58
Proba mixta	2	16	18
Atención personalizada	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Esta metodoloxía empregarase para presentar o plano de traballo da asignatura, introducir e/ou expoñer os contidos básicos de cada un dos temas da guía docente, formular cuestións para aprofundar neles e proporcionarlle ao alumnado orientacións para a elaboración das actividades e traballos solicitados.
Discusión dirixida	Mediante esta metodoloxía búscase analizar e poñer en común parte dos contidos traballados na asignatura, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa. Estes debates realizaranse a partir do contido das fontes seleccionadas como material de traballo obrigatorio. Con carácter xeral, ese material deberá ser preparado fóra do horario de clase.
Traballos tutelados	Esta metodoloxía está orientada á realización, en pequeno grupo, dun traballo escrito, seguindo as orientacións dadas. Este traballo iníciase na aula e completase mediante o traballo autónomo do alumnado. Deberá ser presentado oralmente na aula na data que se fixe. Implicará a análise e relación de contidos da documentación básica e complementaria. O alumnado non asistente realizará un traballo diferente ao que realizan os asistentes, tomando como base a mesma documentación e entregarao e presentarao na aula ou nunha titoría na mesma data fixada para o alumnado asistente.
Proba mixta	A proba mixta consistirá nun exame, sen material, composto por preguntas de resposta breve e preguntas de desenvolvemento. Pode requirirse, ademais, a realización dun esquema ou mapa conceptual. Esta proba será a mesma para alumnado asistente e non asistente.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada á que se refire esta metodoloxía concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado da materia. Irase concretando a medida que se realiza o traballo, en función das necesidades detectadas.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	Para avaliar os traballos teranse en conta os seguintes aspectos: ELABORACIÓN: - Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical. - Contido: Selección da información relevante, comprensión de ideas fundamentais, dominio conceptual, adecuada relación dos contidos extraídos de distintas fontes e uso das fontes básicas e complementarias propostas. EXPOSICIÓN: - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (implica que reflicte un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos fundamentais. - Claridade expositiva.	40
Proba mixta	A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados na materia ao longo do cuadrimestre. Nela especificarase o peso de cada pregunta. Nas preguntas de resposta breve terase en conta a pertinencia e precisión da resposta, a claridade conceptual e a corrección gramatical. Nas preguntas de desenvolvemento terase en conta a pertinencia e organización do contido, o dominio conceptual, a conexión entre ideas, a claridade expositiva e a corrección gramatical.	60

Observacións avaliación

A avaliación contempla dúas opcións:

Opción A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de clase (asistencia mínima do 80%):

- a) Elaboración e presentación na aula dun traballo realizado en pequeno grupo (40%).
- b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (60%).

Opción B. Para o alumnado que non

asiste/participa nas actividades de clase (asistencia inferior ao 80%):

- a) Elaboración e presentación do traballo nunha titoría (40%).
- b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (60%).

Observacións:

- Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballo tutelado e proba mixta).
- O traballo tutelado presentarase na data que se fixe, que será antes da do exame oficial. Para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentado o traballo.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías